

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9481** *Lei orgánica 5/2014, do 17 de setembro, pola que se autoriza a ratificación das emendas ao Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, relativas aos crimes de guerra e ao crime de agresión, feitas en Kampala o 10 e o 11 de xuño de 2010.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### PREÁMBULO

O Estatuto de Roma, instrumento constitutivo da Corte Penal Internacional (CPI), foi adoptado o 17 de xullo de 1998 e ratificado por España o 24 de outubro de 2000, e entrou en vigor para o noso país o 1 de xullo de 2002.

O artigo 123.1 do estatuto recolle, pasados sete anos desde a súa entrada en vigor, a convocatoria dunha Conferencia de revisión dos Estados parte para examinar as emendas ao estatuto. Esta conferencia de revisión tivo lugar en Kampala (Uganda) durante os meses de maio e xuño de 2010 e nela adoptáronse por consenso, e de acordo co artigo 121.3 do estatuto, dúas resolucións que conteñen emendas ao Estatuto de Roma relativas aos crimes de guerra (Resolución RC/Res.5) e ao crime de agresión (Resolución RC/Res.6).

A emenda contida na Resolución RC/Res.5, relativa aos crimes de guerra, engade aos xa incluídos no artigo 8.2 e) do estatuto a utilización de determinadas armas en conflitos que non sexan de carácter internacional: o emprego de veneno ou armas envelenadas, de gases asfixiantes tóxicos ou similares, ou calquera líquido ou dispositivo análogo, e de balas que se ensanchan ou esmagan facilmente no corpo humano, como balas de camisa dura que non recubra totalmente a parte interior ou que teña incisións.

A emenda contida na Resolución RC/Res.6, relativa ao crime de agresión, suprime o artigo 5.2 do estatuto, que prevé que a Corte exercerá a súa competencia respecto do crime de agresión unha vez que se aprobe unha disposición en que se defina o crime e se enuncien as condicións en que o fará.

Igualmente, esta emenda introduce un artigo 8 bis, cuxo parágrafo primeiro define o crime de agresión do seguinte modo: «Unha persoa comete un crime de agresión cando, estando en condicións de controlar ou dirixir efectivamente a acción política ou militar dun Estado, planifica, prepara, inicia ou realiza un acto de agresión que, polas súas características, gravidade e escala, constitúa unha violación manifesta da Carta das Nacións Unidas». A continuación, o artigo 8 bis.2 enumera unha serie de supostos que son considerados actos de agresión. Así mesmo, os novos artigos 15 bis e 15 ter establecen as condicións de exercicio da competencia da CPI en relación co dito crime nos supostos de remisión do caso por un Estado (15 bis) e polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas (15 ter).

A ratificación por parte de España das emendas de Kampala, que supoñen a ampliación dos crimes de guerra e a tipificación do crime de agresión, afianza o compromiso do noso país coa defensa dos dereitos humanos e co labor da Corte Penal Internacional como organización independente que encarna o paradigma de xustiza penal universal e que abandeira a loita contra a impiedade fronte aos máis graves crimes cometidos contra a humanidade.

Polo tanto, ao se lle atribuír a unha institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución, procede que a ratificación das emendas sexa autorizada mediante lei orgánica, segundo o previsto no artigo 93 da Constitución.

Artigo único. *Autorización da ratificación.*

Autorízase a ratificación por España das emendas ao Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, relativas aos crimes de guerra e ao crime de agresión, feitas en Kampala o 10 e 11 de xuño de 2010.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase en aplicación do previsto no artigo 149.1.3.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 17 de setembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

---

Emenda ao artigo 8.

Engádeselle á alínea e) do parágrafo 2 do artigo 8 o seguinte:

- «xiii) Empregar veneno ou armas envelenadas;
- xiv) Empregar gases asfixiantes, tóxicos ou similares ou calquera líquido, material ou dispositivo análogos;
- xv) Empregar balas que se ensanchan ou esmagan facilmente no corpo humano, como balas de camisa dura que non recubran totalmente a parte interior ou que teñan incisións.»

---

Emendas ao Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional relativas ao crime de agresión.

1. Suprímase o parágrafo 2 do artigo 5 do Estatuto.
2. Insírase o texto seguinte a continuación do artigo 8 do Estatuto:

«Artigo 8 bis. *Crime de agresión.*

1. Para os efectos do presente Estatuto, unha persoa comete un «crime de agresión» cando, estando en condicións de controlar ou dirixir efectivamente a acción política ou militar dun Estado, planifica, prepara, inicia ou realiza un acto de agresión que, polas súas características, gravidade e escala, constitúa unha violación manifesta da Carta das Nacións Unidas.

2. Para os efectos do parágrafo 1, por «acto de agresión» entenderase o uso da forza armada por un Estado contra a soberanía, a integridade territorial ou a independencia política doutro Estado, ou en calquera outra forma incompatible coa Carta das Nacións Unidas. De conformidade coa Resolución 3314 (XXIX) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 14 de decembro de 1974, calquera dos actos seguintes, independentemente de que haxa ou non declaración de guerra, caracterizarase como acto de agresión:

a) A invasión ou o ataque polas forzas armadas dun Estado do territorio doutro Estado, ou toda ocupación militar, mesmo temporal, que resulte de tal invasión ou ataque, ou toda anexión, mediante o uso da forza, do territorio doutro Estado ou de parte del;

b) O bombardeo, polas forzas armadas dun Estado, do territorio doutro Estado, ou o emprego de calquera arma por un Estado contra o territorio doutro Estado;

c) O bloqueo dos portos ou das costas dun Estado polas forzas armadas doutro Estado;

d) O ataque polas forzas armadas dun Estado contra as forzas armadas terrestres, navais ou aéreas doutro Estado, ou contra a súa frota mercante ou aérea;

e) A utilización de forzas armadas dun Estado, que se encontran no territorio doutro Estado co acordo do Estado receptor, en violación das condicións establecidas no acordo ou toda prolongación da súa presenza no dito territorio despois de terminado o acordo;

f) A acción dun Estado que permite que o seu territorio, que puxo á disposición doutro Estado, sexa utilizado por esoutro Estado para perpetrar un acto de agresión contra un terceiro Estado;

g) O envío por un Estado, ou no seu nome, de bandas armadas, grupos irregulares ou mercenarios que leven a cabo actos de forza armada contra outro Estado de tal gravidade que sexan equiparables aos actos antes enumerados, ou a súa substancial participación en tales actos.»

3. Insírase o texto seguinte a continuación do artigo 15 do estatuto:

«Artigo 15 bis. *Exercicio da competencia respecto do crime de agresión (remisión por un Estado, proprio motu).*

1. A Corte poderá exercer a súa competencia respecto do crime de agresión de conformidade coas alíneas a) e c) do artigo 13, con suxeición ás disposicións deste artigo.

2. A Corte unicamente poderá exercer a súa competencia respecto de crimes de agresión cometidos un ano despois da ratificación ou aceptación das emendas por trinta Estados parte.

3. A Corte exercerá a súa competencia respecto do crime de agresión de conformidade co presente artigo, coa condición de que despois do 1 de xaneiro de 2017 adopte unha decisión a mesma maioría de Estados parte que se require para a aprobación dunha emenda ao estatuto.

4. A Corte poderá, de conformidade co artigo 12, exercer a súa competencia sobre un crime de agresión, resultante dun acto de agresión cometido por un Estado parte, salvo que ese Estado parte declarase previamente que non acepta esa competencia mediante o depósito dunha declaración en poder do secretario. A retirada desa declaración poderase efectuar en calquera momento e será considerada polo Estado parte nun prazo de tres anos.

5. Respecto dun Estado non parte no presente estatuto, a Corte non exercerá a súa competencia respecto do crime de agresión cando este sexa cometido polos nacionais dese Estado ou no seu territorio.

6. O fiscal, se chega á conclusión de que existe fundamento razoable para iniciar unha investigación sobre un crime de agresión, verificará en primeiro lugar se o Consello de Seguridade determinou a existencia dun acto de agresión cometido polo Estado de que se trate. O fiscal notificará ao secretario xeral das Nacións Unidas a situación ante a Corte, e xuntará a documentación e outros antecedentes que sexan pertinentes.

7. Cando o Consello de Seguridade tome a dita determinación, o fiscal poderá iniciar a investigación acerca dun crime de agresión.

8. Cando non se tome esa determinación no prazo de seis meses desde a data de notificación, o fiscal poderá iniciar os procedementos de investigación respecto dun crime de agresión, sempre e cando a Sección de Cuestións Preliminares, de conformidade co procedemento contido no artigo 15, autorizase o inicio da investigación sobre un crime de agresión, e o Consello de Seguridade non decidise o contrario de conformidade co artigo 16.

9. A determinación de que houbo acto de agresión realizada por un órgano alleo á Corte non irá en prexuízo das propias conclusións da Corte en virtude deste estatuto.

10. O presente artigo entenderase sen prexuízo das disposicións correspondentes ao exercicio da competencia respecto doutros crimes a que se fai referencia no artigo 5.»

4. Insírase o texto seguinte a continuación do artigo 15 bis do Estatuto:

«Artigo 15 ter. *Exercicio da competencia respecto do crime de agresión (remisión polo Consello de Seguridade).*

1. A Corte poderá exercer a súa competencia respecto do crime de agresión de conformidade coa alínea b) do artigo 13, con suxeición ás disposicións deste artigo.

2. A Corte unicamente poderá exercer a súa competencia respecto de crimes de agresión cometidos un ano despois da ratificación ou aceptación das emendas por trinta Estados parte.

3. A Corte exercerá a súa competencia respecto do crime de agresión de conformidade co presente artigo, coa condición de que despois do 1 de xaneiro de 2017 adopte unha decisión a mesma maioría de Estados parte que se require para a aprobación dunha emenda ao Estatuto.

4. A determinación de que houbo acto de agresión realizada por un órgano alleo á Corte non irá en prexuízo das propias conclusións da Corte en virtude deste estatuto.

5. O presente artigo entenderase sen prexuízo das disposicións correspondentes ao exercicio da competencia respecto doutros crimes a que se fai referencia no artigo 5.»

5. Insírase o texto seguinte a continuación do parágrafo 3 do artigo 25 do estatuto:

«3 bis. Polo que respecta ao crime de agresión, as disposicións do presente artigo só se aplicarán ás persoas en condicións de controlar ou dirixir efectivamente a acción política ou militar dun Estado.»

6. Substitúase a primeira oración do parágrafo 1 do artigo 9 do estatuto pola oración seguinte:

«1. Os elementos dos crimes axudarán a Corte a interpretar e aplicar os artigos 6, 7, 8 e 8 bis.»

7. Substitúase o encabezamento do parágrafo 3 do artigo 20 do estatuto polo parágrafo seguinte; o resto do parágrafo non se modifica:

«3. A Corte non procesará ninguén que fose procesado por outro tribunal en razón de feitos tamén prohibidos en virtude dos artigos 6, 7, 8 ou 8 bis a menos que o proceso no outro tribunal:»